

A última das resolucións do Congreso de Escritores en Língua Galega (Poio, 2-3-4 de maio do 1980) falaba da publicación dun periódico cultural. A última das resolucións, esa que case que os congresistas facían por compromiso, caía, a pé de folio, máis como unha declaración de necesidade que como algo a efectivizar. E a última das resolucións foi, quizávez, a única que se cumpliu entre os dazaoito puntos da acta final do congreso.

A última resolución cumplíuse porque era unha das poucas cousas que nós mesmos podíamos facer, inda que o público dos encontros teña pouco desenrolado o vicio de confiar nas propias forzas. Referíndonos só a aspectos que falaban da Comunicación, ¿cómo ia cumplirse a esixencia de "posta en marcha do canal 3 de TVE" con esta autonomía nepotista? Teñen o Canal 3 outras nacións, Euskadi dende o inicio do 83; Catalunya Principat dende este 11 de setembro, Galicia non. ¿Cómo ia cumplirse a reivindicación de que na Universidade compostelá se creara unha Facultade de Ciencias da Información? Iso significaría empezar a transformar o universo periodístico en Galicia, erguer a sua profesionalidade e desbaratar ese mercado negro de baixos salarios e ainda más baixas cotas reivindicativas na calidade do traballo.

A última resolución cumplíuse. A última das resolucións é lectora, lector este lindo periódico de grupo que entende a cultura como un espacio interdisciplinar, onde se veícula non só a expresión creativa persoal -na literatura, na imaxe- senón a información -actual e histórica-, a análise documental, a opinión, o entretenimento, as propostas de debate.

Escrita, que así se chama este periódico, conseguiu sair á rúa. Nas páxinas de Creación, unha rubrica que se alonga cara o final,

Acción Escrita

MARGARITA LEDO ANDION

aparece un texto inédito de don Ramón Otero Pedrayo. Das colaboracións foráneas temos un irlandés -tiña que estar Irlanda- e mais un comunicólogo italiano. Na entrevista un crítico portugués, sí, un crítico, ese espécimen do que tanto carecemos en Galicia. Entre as firmas históricas están as de Del Riego e Carballo Calero, e entre as primicias exóticas unha traducción que **Escrita** tiña reservada, das táboas cuneiformes ao galego, e que xa serviu de exemplo pra outras publicacións que quixeron adiantarse sacando tamén algo en asirio.

Escrita vai traer, tamén, por primeira vez nos medios de comunicación de Galicia o valor propio da imaxe, dándolle carácter de elemento maior, tanto na fotografía como na ilustración, o comic ou na creación do logotipo, a marca do periódico, feita polo diseñador do mesmo, Xurxo Fernández, e que consideramos das más acabadas que teñan saído en Galicia.

Escrita, porén, non é da AELG. Os seus colaboradores non teñen por qué ser membros da Asociación de Escritores. Teñen que ter interés na dinamización cultural, no coñecimento transformador das cousas, na investigación, na creación. A AELG edita, busca apoios económicos e querería facer de **Escrita** unha publicación na que a expresión non teña servidumes, unha publicación alternativa ao tratamento secundario cando non ghettístico que se lle adoita otorgar á cultura galega non mas media, unha publicación sen vencellos oficialistas ou locais que trae outro ton, outra lingua, outra roupa e outra intención.

A creación cultural nunha sociedade de hoxe pasa por procesos industriais e a acción escrita sairá da posibilidade de tirar textos das gavetas, de tirar actitudes do escepticismo e de demostrar que **Escrita** poida ser unha publicación periódica máis que presentabel, satisfactoria.



Do
Lei
1
el
eiro



REVISTA DE
INFORMACIÓN
CULTURAL,
COMUNICACIÓN,
TRADUCCIONES,
PSICOANÁLISE,
ARTE, COMIC,
CREACIÓN

SCRITA

SCRITA

SCRITA

REVISTA DE
LLENGUA